

Hai xa máis de vinte anos que nun estudo da Universidade de Santiago, alertabamos sobre a importancia que a educación ambiental podía exercer como sistema preventivo desta lacra que, segundo os expertos, nos dana dende hai varios miles de anos. Citabamos entón os máximos expoñentes estatais da educación ambiental (Terradas, González Bernáldez, etc.) e recordo con certa señardade como daquela, aos que eramos profesores recentemente licenciados, parecíanos que tiñamos nas mans unha ferramenta cun gran potencial transformador. Se cadra hipervalorabamos as capacidades da educación ambiental.

# Incendios forestais e educación ambiental

**Manuel Antonio Fernández Domínguez**  
Coordinador Obradoiro de Educación Ambiental.  
ICE Universidade de Santiago

Pasaron moitos anos e moitas cousas dende aquelas primeiras andainas. Ducias de traballos, proxectos, congresos, campañas e actividades de todo tipo conforman o que poderíamos denominar corpus da educación ambiental galega, pero os incendios seguen a estragar o noso país; e ségueno a facer independentemente do número de unidades didácticas deseñadas para impedilo ou de profesores concienciados na necesidade de evitalo.

Aínda baixo o impacto emocional do recente ecocidio estival, véñennos á mente inevitablemente preguntas derivadas desa constatación:

Serve para algo a educación ambiental que estamos a facer?

Que se ten logrado con ela ás portas do trixésimo aniversario da famosa Declaración de Tbilisi?

Estamos traballando na dirección axeitada?

Cara a onde vai este complexo mundo globalizado que nos tocou vivir, no albor deste terceiro milenio?

Efectivamente, a educación ambiental terá que xogar un importante papel nos procesos de desenvolvemento sostible, pero a súa eficacia dependerá do cumprimento de varias condicións, que pasamos a enumerar:

- Estar imbricada dentro dunha política ambiental auténtica, conducente á redución da insostible pegada ecolóxica dos cidadáns dos países desenvolvidos.
- Axudar a superar as contradicións do concepto de desenvolvemento sostible.
- Soltarse das ataduras academicistas que a cinguen, e lanzarse na dirección da aprendizaxe a través da resolución de problemas, por medio da elaboración de proxectos en equipo.

No caso que nos ocupa dos incendios forestais, temos perdido moito tempo e diñeiro en cartillas forestais (folletos que distribuía o antigo ICONA) e caixas de xogos totalmente improdutivas, en campañas baseadas en aburridas conferencias e premios a alumnos que escribían textos máis ou menos retóricos. Fronte a isto, propoñemos dinámicas educativas baseadas en dous piares:

- A investigación interdisciplinar e activa do medio natural e social:

solo, clima, flora e fauna, ecosistemas, explotacións agrogandeiras, serrarías, etc. Só cun enfoque integrado de tipo ecosocial, no que participen tanto os profesores de Medio Ambiente e Bioloxía, como os de Ciencias Sociais, Ética e Lingua, os alumnos poderán chegar a entender algo da problemática do monte galego e do desatino incendiario.

· A acción de grupo en labores sensibilizadores e efectivos, de tipo preventivo e paliativo, como a recollida do lixo, a redución dos restos combustibles, a vixilancia testemuñal e a sementeira. Porque só coa implicación física directa seremos capaces de xerar nos alumnos as actitudes e valores que o estudo frío dos libros de texto non é quen de facer.

Acaba de facerse público, vía internet fundamentalmente, un interesantísimo *Manual sinxelo de reforestación por sementeira*, publicado na Universidade de Vigo. Recolle unha pequena introdución sobre os perigos da desertización que afectan ás áreas queimadas e, sobre todo, unha detallada e clara explicación de como facer unha sementeira manual escolar con especies autóctonas destas zonas deforestadas. Os autores propoñen para iso as cinco especies seguintes:

Bidueiro - *Betula alba*  
 Castiñeiro - *Castanea sativa*  
 Carballo - *Quercus robur*  
 Cerquiño, rebolo - *Quercus pyrenaica*  
 Sobreira, corticeira - *Quercus suber*.

A declaración do 21 de setembro como Día Internacional contra os Monocultivos das Árbores debe servir de

advertencia e inducir á reflexión a profesores e alumnos sobre a necesidade de tomar medidas en favor das especies autóctonas.

O bosque galego agoniza porque as políticas forestais dos últimos 50 anos reduciron drasticamente a súa diversidade en beneficio de enormes extensións de monocultivos de eucaliptos e piñeiros, sen control nin planificación ningunha, destinados a ateigar as demandas das factorías de taboleiros e pasta de papel. As vítimas deste modelo están sendo as especies autóctonas de crecemento máis lento e con elas todos os membros dos ecosistemas forestais, en clara decadencia.

O incesante traballo de ecoloxistas e educadores ambientais conseguiu poñer no banco dos acusados o eucalipto, pero non pode inverter a dirección dun proceso socioeconómico que só mudará cunha nova política forestal que é a que se espera dun goberno de progreso. Velaí a nosa tese central sobre a necesidade dunha simbiose entre a educación ambiental e a política ambiental.

Xa para rematar, como di Ricardo Carrere, coordinador internacional do Movemento Mundial polos Bosques Tropicais: “Esiximos que os gobernos poñan fin á promoción deste tipo de plantacións social e ambientalmente destrutivas, e que no seu lugar apoiem os esforzos das comunidades locais para mellorar a súa calidade de vida en harmonía co seu medio natural.”